

O RATO NUNO

Había unha vez un ratiño que vivía no Castelo de Santa Cruz. Vivía agochado no primeiro andar, na antiga alcoba de Emilia Pardo Bazán. Daquela, era un fogar para orfos da guerra no verán, mais o rato vivía o resto do ano só, aburrídiño, até que chegaran os rapaces.

Un día decidiu saír do castelo a dar unha volta, mais o castelo estaba nunha illa e decidiu usar un zoco para navegar.

Chegou ao porto de Santa Cruz, alí viu o señor Docampo, un importante señor da parroquia de Dorneda.

O señor Docampo era das poucas persoas que tiñan automóbil no concello e ía xogando coas chaves moi fachendoso, e ao metelas no peto, caéronlle no chan sen decatarse e, o ratiño Nuno, colleunas e meteullas no peto coa mala sorte de caer el dentro.

O señor Docampo meteuse no coche camiño de Mera. Ía á capela de Santa Ana a ver ao cura para lle pedir que rezase por el e os seus, e o cura pediulle unha axuda a cambio para a parroquia de Serantes. Foi o momento cando o rato saíu do peto do señor Docampo e caeu no cesto do cura, outra vez engaiolado.

O cura e o rato Nuno que ía no seu cesto, viaxan cara Lorbé, xa que o crego quería deixar os cartos para a festa do Carme.

O crego non deixaba de mirar o cesto, e ía contando as moedas, neste intre o Rato Nuno deu un chimpo e atravesou a pequena fiestra do autobús no que ían e caeu no cesto da bicicleta dun mariñeiro que ía cara ao porto de Dexo.

Indo na bicicleta o mariñeiro deu cunha pedra no camiño e o rato berrou.

-Ai!!!

-Como que ai!!!, quen dixo iso?

-Eu aquí no cesto.

-Un rato que fala...

O mariñeiro, abraiado con poder falar co rato, escoita a súa historia e ofrécelle levalo de volta ao Castelo na súa gamela e o rato dille que encantado lle axudaría a pescar.

Sáiron a navegar e fixeron unha parada en Boi de Canto a coller unhas centolas e algún rodaballo. De súpeto mudou o tempo e comezou unha treboada que axitou o mar.

A gamela envorcou e a áncora quedou enganchada nas pedras. O rato Nuno mergullouse na auga e roeu a corda que suxeitaba a áncora e o mariñeiro conseguiu darlle á volta a gamela.

Para agradecerlle a súa axuda, o mariñeiro deulle ao rato unha das centolas e medio rodaballo e levouno de volta ao castelo.

E colorín, colorete, o rato botou un foguete.